

PROGRAMACIÓN



PROFESOR: Ángel Blanco Tomé

OBXETIVOS E CONTIDOS XERAIS:

Nas **ensinanzas elementais**, a clase individual de violoncello terá como obxectivo contribuir a desenrrolar no alumnado as seguintes capacidades e contidos:

Capacidades:

- Coñecer as diferentes partes do instrumento e do arco ademáis de adquirir as técnicas básicas para o coidado e o mantemento do violonchelo.
- Adoptar unha posición corporal natural que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza do mesmo xeito o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así coma a coordinación de ámbalas dúas mans.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro do nivel que corresponda, tanto individualmente coma en conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento contínuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, cunha dificultade apropiada ó nivel.

Contidos:

- Control muscular: posición do instrumento e do arco.
- Produción do son: cordas ó aire empregando todo o arco así coma en diferentes lonxitudes do mesmo.
- Desenrolo da sensibilidade auditiva coma parte indispensable para conseguir un son de calidade.
- Coñecemento dos golpes de arco básicos e do vibrato como recurso de expresión musical.
- Estudo das diferentes posicións.
- Entrenamento progresivo e permanente da memoria.
- Conseguir hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Leer a 1ª vista obras e anacos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais.
- Selección progresiva en canto a grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenrolo conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Práctica en conxunto.

Nas **ensinanzas profesionais**, a clase individual de violoncello, terá como obxectivo contribuir a desenrrolar nos alumnos as seguintes capacidades e contidos:

Capacidades:

- Aplicar con autonomía progresivamente os coñecementos musicais para solucionar cuestión relacionadas ca interpretación: dixitación, articulacións, fraseo, etc...
- Coñecer as distintas ferramentas interpretativas vixentes nos distintos periodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica e a ornamentación.
- Desenvolver a capacidade de memorización.
- Desenvolver a capacidade de lectura a 1ª vista e aplicar os coñecementos musicais necesarios para a improvisación co instrumento.
- Practicar música en conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversas configuracións e desempeñando papeis de solista con orquestra de dificultade media, así coma formar parte de dita orquestra.
- Interpretar un repertorio que teña obras representativas das diferentes épocas musicais e estilos ca dificultade acorde ó nivel.

Contidos:

- Continuación do traballo cas diferentes posicións.
- Dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
- Desenvolvemento da velocidade e axilidade.
- Perfeccionamento dos golpes de arco.
- Armónicos naturais e artificiais.
- Traballo da polifonía. Práctica de conxunto.
- A calidade sonora: “cantáble” e afinación.
- O fraseo e o seu uso nos diferentes estilos.
- Profundización do estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que se refiren á mesma, e do equilibrio dos niveis e calidades de sons resultantes.
- Entrenamento progresivo e permanente da memoria.
- Práctica da lectura a 1ª vista.



A TER EN CONTA EN TODOS OS CURSOS:

A avaliación será continua. O profesorado reuniránse unha vez cada trimestre para escoitar a audición do alumnado, valorar os seus avances durante o curso e a súa evolución con respecto ó programa existido. Así pódese valorar como vai o desenvolvemento do alumnado en xeral en todos os cursos aínda que a decisión da nota sexa valorada en maior cantía polo titor .

O alumnado ten que facer con obrigatoriedade audicións públicas que deberán formar parte do desenvolvemento musical do mesmo.

Ó final do curso o alumnado deberá presentar só a programación do terceiro trimestre en caso de levar superadas ata dita data as avaliacións previas. Os alumnos/as avaliados negativamente, (ben sexa pola perda da avaliación continua, non superar alguna avaliación, ou por motivos de asistencia) e que o profesorado considere necesario para unha avaliación máis completa, deberán presentar unha programación que constará dun mínimo dun estudo, e tres obras determinadas polo profesorado.

Nas probas extraordinarias, en caso dunha avaliación negativa durante o curso, o alumnado deberá presentar unha programación que constará dun mínimo dun estudo, e tres obras determinadas polo profesorado.

TÁBOAS DE CUANTIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS E DEMAIS PROBAS:**AVALIACIÓN ORDINARIA:**

GRAO DE COMPETENCIA							
	NON COMPETENTE	MELLORABLE	BÁSICA	MEDIA	AVANZADA	EXCELENTE	PUNTUACIÓN
Dominio técnico (30%)	0	1,2	1,5	1,9	2,3	3	
Interpretación e musicalidade (50%)	0	1,8	2,5	3,2	4	5	
Traballo individual (10%)	0	0,3	0,5	0,7	0,8	1	
Memoria (10%)	0	0,3	0,5	0,7	0,8	1	
				NOTA FINAL			

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

GRAO DE COMPETENCIA							
	NON COMPETENTE	MELLORABLE	BÁSICA	MEDIA	AVANZADA	EXCELENTE	PUNTUACIÓN
Dominio técnico (30%)	0	1,2	1,5	1,9	2,3	3	
Interpretación e musicalidade (60%)	0	2,4	3	4	4,8	6	
Memoria (10%)	0	0,3	0,5	0,7	0,8	1	
				NOTA FINAL			

PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL (CALQUERA CURSO):

GRAO DE COMPETENCIA							
	NON COMPETENTE	MELLORABLE	BÁSICA	MEDIA	AVANZADA	EXCELENTE	PUNTUACIÓN
Dominio técnico (30%)	0	1,2	1,5	1,9	2,3	3	
Interpretación e musicalidade (60%)	1ª PEZA	0	0,7	1	1,3	1,5	2
	2ª PEZA	0	0,7	1	1,3	1,5	2
	3ª PEZA	0	0,7	1	1,3	1,5	2
Memoria (10%)	0	0,3	0,5	0,7	0,8	1	
				NOTA FINAL			

PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º E 4º DO GRAO ELEMENTAL:

GRAO DE COMPETENCIA							
	NON COMPETENTE	MELLORABLE	BÁSICA	MEDIA	AVANZADA	EXCELENTE	PUNTUACIÓN
Dominio técnico (30%)	0	1,2	1,5	1,9	2,3	3	
Interpretación e musicalidade (50%)	1ª PEZA	0	1	1,25	1,7	1,9	2,5
	2ª PEZA	0	1	1,25	1,7	1,9	2,5
1ª VISTA (10%)	0	0,3	0,5	0,7	0,8	1	
Memoria (10%)	0	0,3	0,5	0,7	0,8	1	
				NOTA FINAL			

PRIMEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

Ao tratarse do primeiro contacto do alumno co instrumento, este curso ten un carácter preparatorio.

O principal obxectivo do curso é preparar ó alumno tanto física coma psicolóxicamente para a asimilación dos principios técnicos do violoncello.

OBXECTIVOS

1. Adoptar unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
2. Adoptar unha correcta posición da man dereita para a utilización do arco e a correcta produción do son.
3. Adoptar unha correcta colocación da man esquerda sobre o violoncello para unha correcta afinación.
4. Aprender as diversas combinacións das notas na primeira posición.
5. Interpretar unha escala de memoria con seguridade, afinación e bo son.
6. Practicar diariamente con pequenos estudos que conteñan só dificultades da primeira posición e golpes de arco básicos.
7. Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflictan os aspectos traballados durante o curso.
8. Coñecemento das correctas técnicas de estudo do instrumento.

CONTIDOS

1. Disposición corporal, relaxación e respiración.

- Control dos músculos das costas, brazos, pescozo, pernas e pés .
- Distribución do peso do corpo. Sentarse correctamente.
- A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
- Hábito de autocontrol para unha correcta posición do corpo e colocación do instrumento.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a interpretación.

2. O Instrumento. Produción do son.

- Coñecemento do violoncello e a produción do seu son.
- Coñecemento das distintas partes do instrumento e do arco.
- Coñecemento dos distintos materiais dos que está construído o instrumento e o arco.
- Concepto de son correcto.
- Autocontrol na produción do son.

3. Técnica da man dereita. Conduta e golpes de arco. Articulación e sonoridade.

- Traballo sobre a man dereita e os distintos golpes de arco.
- Correcto sostemento do arco.
- Posición do brazo dereito e os seus movementos básicos.
- Utilización das diferentes zonas do arco: metade superior, metade inferior, centro e todo o arco.
- Funcionamento do pizzicato.
- Cambios de corda con fluidez e suavidade en tódalas partes do arco.
- Traballo dos golpes de arco: Detaché, Staccato e Legato ata catro notas.
- Traballo sobre patróns rítmicos.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado

4. Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.

- Posición dos dedos e da man esquerda sobre o violoncello
- O oído interno e a súa aplicación á afinación do violoncello.
- Utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Movemento correcto dos dedos evitando desprazamentos innecesarios utilizando as articulacións precisas.
- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda.
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

5. Posicións fixas

- Traballo sobre unha correcta posición da man esquerda na posición primeira do violoncello.
- Iniciación sobre as extensións en primeira posición.

6. Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.

- Utilización correcta do arco para a experimentación e descubrimento das dinámicas piano, mezzoforte e forte.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumno.

7. Escalas, arpejos e intervalos dunha e dúas oitavas.

- Traballo sobre as escalas de SOL M e RE M nunha oitava, primeiro en pizzicato e despois con distintos golpes de arco.
- Traballo sobre as escalas de DO M e RE M en dúas oitavas, primeiro en pizzicato e despois con distintos golpes de arco.
- Estudo das demais escalas nunha oitava e cos seus arpejos.

8. Iniciación á improvisación.

- Improvisación sobre un ostinato rítmico empregando notas da escala pentatónica con arco ou pizz.

9. Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Utilización da lectura sobre o pentagrama.
- Interpretación de cancións sinxelas con especial énfase no repertorio popular. Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Interpretación do repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.
- Memorización dunha parte do repertorio e desenvolvemento da capacidade memorística.
- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos do repertorio.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.
- Goce persoal por medio da interpretación.

10.Outros contidos.

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Interese polas manifestacións musicais da noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación será continua. O profesorado reuniránse unha vez cada trimestre para escoitar a audición dos alumnos/as, para valorar os seus avances durante o curso e a súa avaliación con respecto ó programa existido. Así pódese valorar como vai o desenvolvemento do alumnado en xeral en todos os cursos aínda que a decisión da nota sexa valorada en maior cantía polo titor .

O alumnado ten que facer con obrigatoriedade audicións públicas que deberán formar parte do desenvolvemento musical do alumnado.

Ó final do curso o alumnado deberá presentar só a programación do terceiro trimestre en caso de levar ata dita data as avaliacións positivas e superadas. Os alumnos/as avaliados negativamente, ben sexa pola perda da avaliación continua ou por motivos de asistencia, e que o profesorado considere necesario para unha avaliación máis completa, deberán presentar unha programación que constará dun mínimo dunha escala, dous estudos, e dúas obras determinada polo profesorado.

I) TÉCNICA PROPIA DO INSTRUMENTO

A) VALORACIÓN DO PROGRAMA PRESENTADO

Valorarase a dificultade do programa presentado.

B) RESPETO DO TEXTO

Valorarase que a interpretación se axuste ó texto orixinal. (Articulación , agónica,dinámica, tempo...). Lectura a 1ª vista.

C) ASPECTOS TÉCNICOS

Afinación.

Calidade sonora.

Dixitación.

Coordinación das dúas mans.

Dominio dos golpes de arco.

Axilidade.

Control corporal e postural.

Memorización.

II) INTERPRETACIÓN E MUSICALIDADE

Valorarásese os seguintes aspectos da interpretación:

Carácter.

Fraseo .

Discurso musical.

NOTA: ESTES DOUS BLOQUES (TÉCNICO E INTERPRETATIVO) VALORARÁNSE CADA UN Ó 50%.

(Ditos criterios seguirásese durante tódolos cursos do grao elemental.)

REPERTORIO

-NEGOESCU, G.:

1ª PARTE: cordas ao aire pax.4,5,7,10,11,13,14,15,16,17,20,21,25,27 y 29

2ª PARTE: primeira posición. Pax. 34,35,36,38,39,41,46,47,49,51,52,54,55.

-FEUILLAR, L. : Methode pour le jeune violoncelliste. E. Delrieu. Exercicios del 1 al 9.

-SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101.(Nº 1 al 5). Alphonse Leduc, 1944

-VIOLONCELLO MUSIC FOR BEGINNERS. Ed Budapest: Vol. 1: Exer: 1 ao 6, 10 e 10.

-LIBRO RUSO: Dende a páxina 1 á páxina 28

-MARTINDALE & CRACKNELL: “Enjoy Playing the cello” .Oxford University Press, 1989.

-SUZUKI: Suzuki Cello School. Vol. 1º.

Contidos mínimos exisibles do curso:

- Tres escalas en unha oitava con diferentes dicitacións.
- Cinco estudos con diferentes conceptos.
- Catro obras de diferente dificultade.
- Un anaco a 1ª vista acorde ó nivel exisido.
- Tres audicións técnicas co profesor e cos pertencentes ó mesmo departamento.

TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN:

O violonchelo e as súas partes, o seu coidado.

Colocación do violonchelo e toma do arco.

Introducción á colocación da man esquerda e preparación para as escalas nunha octava, Do M.

Técnica de Pizzicato.

Como estudar: principios básicos do aproveitamento do estudo.

Interpretación de algunhas pezas, en pizzicato e con arco.

2ª AVALIACIÓN:

Divisións elementais do arco: unidades, terzos, arco enteiro.

Escalas nunha oitava.

Interpretación de pequenas pezas, preferiblemente de memoria

3ª AVALIACIÓN:

Fundamentos da condución do arco e do son.

Escalas e arpejos cos golpes de arco básicos.

Lectura a primeira vista.

Preparación de exercicios para estudar no verán cunha planificación clara para que o alumno adquira bos hábitos de estudo.

Interpretación de pequenas pezas, con movementos básicos de arco libres de tensións , e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Preferiblemente de memoria.

Todo isto analizaráse, tendo en conta a asistencia, a participación e o esforzo así coma os contidos acadados nas clases individuais, valoraránse en cada trimestre:

A TÉCNICA PROPIA DO INSTRUMENTO

VALORACIÓN DO PROGRAMA PRESENTADO. (Valorarás a dificultade do programa presentado.)

RESPEITO DO TEXTO (Valorarás que a interpretación se axuste ó texto orixinal. Articulación, dinámica, tempo... así coma a lectura a 1ª vista.

ASPECTOS TÉCNICOS: (Afinación, Calidade sonora, Dixitación, Coordinación das dúas mans, Dominio dos golpes de arco, Axilidade, Control corporal e postural, Memorización.....)


A INTERPRETACIÓN E A MUSICALIDADE

Valorarás os seguintes aspectos da interpretación: Carácter, Fraseo, e o Discurso musical.

NOTA: A TÉCNICA E A INTERPRETACIÓN, XUNTO COA ASISTENCIA E A PARTICIPACIÓN NA CLASE CONFORMARÁN A NOTA GLOBAL TRIMESTRAL, ASÍ COMA A GLOBAL DO CURSO.

NO CASO DE AVALIACIÓN NEGATIVA NA CONVOCATORIA ORDINARIA, O ALUMNADO DISPÓN DUNHA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA ONDE SE EXAMINARÁ DOS CONTIDOS NON SUPERADOS NA CONVOCATORIA ORDINARIA.

EN CASO DE DÚBIDA CONSÚLTESE CO PROFESOR.



SEGUNDO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

1. Avanzar cara a unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
2. Avanzar cara a unha correcta posición da man dereita para a utilización do arco e a correcta produción do son.
3. Continuar co traballo de colocación da man esquerda sobre o violoncello para unha correcta afinación.
4. Aprender as extensións
5. Iniciar o coñecemento as diversas combinacións da man esquerda nas posicións baixas segunda, terceira, cuarta e media.
6. Iniciar ao estudo de dobres cordas deixando unha ao aire.
7. Avanzar na interpretación con novos golpes de arco.
8. Interpretar unha escala de memoria en dúas oitavas de extensión con seguridade, afinación e bo son.
9. Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflectan os aspectos traballados durante o curso.
10. Coñecer as correctas técnicas de estudo do instrumento.

CONTIDOS

1. Disposición corporal, relaxación e respiración.

- Control dos músculos das costas, brazos, pescozo, pernas e pés.
- Distribución do peso do corpo. Sentarse correctamente.
- A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
- Hábito de autocontrol para unha correcta posición do corpo e colocación do instrumento.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a interpretación.

2. Instrumento. Produción do son.

- Repaso das distintas partes do violoncello e do arco.
- Traballo sobre a amplitude, flexibilidade e limpeza do son.
- Autocontrol na produción do son.

3. Técnica da man dereita. Conduta e golpes de arco. Articulación e sonoridade.

- Posición do brazo dereito e os seus movementos básicos.
- Utilización das diferentes zonas do arco: metade superior, metade inferior centro e todo o arco.
- Cambios de corda con fluidez e suavidade en todas as partes do arco.
- Traballo dos golpes de arco: Detaché, Stacatto, e Legato
- Ligaduras ata oito notas. Combinacións das diferentes articulacións coñecidas.
- Dobres cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

4. Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.

- Asimilación correcta da primeira posición e aprendizaxe da técnica das extensións.
- Achegamento as posicións baixas: segunda, terceira, cuarta e media.
- Traballo sobre exercicios básicos de preparación ao estudo de dobres cordas deixando unha delas ao aire.
- O oído interno e a súa aplicación á afinación do violoncello.
- Utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Movemento correcto dos dedos evitando desprazamentos innecesarios utilizando as articulacións precisas.
- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda.
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

5. Posicións fixas

- Traballo sobre as extensións en primeira posición.
- Achegamento sobre as posicións fixas, segunda, terceira, cuarta...

6. Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.

- Utilización correcta do arco para a experimentación e descubrimento de novas dinámicas.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumnado.

7. Escalas, arpejos e intervalos dunha e dúas oitavas.

- Traballo sobre escalas e arpejos nas diferentes tonalidades e con distintos golpes de arco.
- Estudo das escalas e arpejos de dúas oitavas de extensión. (Do M–Re M–Fa M–Sol M–Mim)

8. Improvisación.

- Improvisación individual baseada en melodías ou xiros melódicos dados.
- Improvisación sen utilización da graña musical convencional.
- A variación como base da improvisación.

9. Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Utilización da lectura sobre o pentagrama.
- Interpretación de cancións sinxelas que reflicten os aspectos técnicos traballados no curso.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Interpretación de repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.
- Memorización dunha parte do repertorio e desenvolvemento da capacidade memorística.
- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos do repertorio.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.
- Goce persoal por medio da interpretación.

10. Outros contidos.

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Interese polas manifestacións musicais da noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación será continua. O profesorado reuniránse unha vez cada trimestre para escoitar a audición dos alumnos/as, para valorar os seus avances durante o curso e a súa avaliación con respecto ó programa existido. Así pódese valorar como vai o desenrolo do alumnado en xeral en todos os cursos aínda que a decisión da nota sexa valorada en maior cuantía polo titor.

O alumnado ten que facer con obrigatoriedade audicións públicas que deberán formar parte do desenrolo musical.

Ó final do curso o alumnado deberá presentar só a programación do terceiro trimestre en caso de levar ata dita data as avaliacións positivas e superadas. Os alumnos/as avaliados negativamente, ben sexa pola perda da avaliación continua ou por motivos de asistencia, e que o profesorado considere necesario para unha avaliación máis completa, deberán presentar unha programación que constará dun mínimo dunha escala, dous estudos, e dúas obras determinada polo profesorado.

REPERTORIO

- LEE, S.: “Método práctico” op. 31. Ed. Ibérica. Pax 4 á 12.
- LIBRO RUSO: Dende a páxina 28 á páxina 49
- THIEMANN, P.: Sistema de escalas básicas para violoncello. Ed Boileau. (escalas de unha oitava. Páx. 10 a 22)
- FEUILLAR, L. : Methode pour le jeune violoncelliste. E. Delrieu. Exercicios do 10 ao 19
- SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101.(Nº 6 al 25). Alphonse Leduc,

CLASE COLECTIVA

- LEE, S.: “Método práctico” op. 31. Ed. Ibérica. Pax 4 á 12.
- SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101. (Nº 6 al 25). Alphonse Leduc,
- NÖMAR, Z.: “Conjunto Instrumental” (dúos, tríos y cuartetos). Ed.. Real Musical

Contidos mínimos exisibles:

- Tres escalase arpexios en dúas oitavas con diferentes dicitacións.
- Cinco estudos.
- Catro obras de diferente dificultade.
- Un anaco a 1ª vista acorde ó nivel exisido.
- Unha audición pública como mínimo.
- Tres audicións técnicas co profesorado pertencente ó departamento.

TEMPORALIZACIÓN:**1ª AVALIACIÓN:**

Cómo estudar: a organización do traballo na casa.

Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas.

Escalas de Do M e Sol M

Ritmo e sincronización das dúas mans.

Interpretación de algunhas pezas/estudos.

Lectura a 1ª vista.

2ª AVALIACIÓN:

Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Cómo estudar. Organización do traballo na casa.

Escalas de Sol M e Re M

Interpretación de algunhas pezas/estudos.

Lectura a 1ª vista.

3ª AVALIACIÓN:

Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e coa afinación, ritmo e calidade de son correctos.

Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.

Escalas de dúas oitavas. (Do M)

Interpretación de algunhas pezas/estudos.

Lectura a 1ª vista.

Todo isto analizaráse, tendo en conta a asistencia, a participación e o esforzo así coma os contidos acadados nas clases individuais, valoraránse en cada trimestre:

A TÉCNICA PROPIA DO INSTRUMENTO

VALORACIÓN DO PROGRAMA PRESENTADO. (Valorarase a dificultade do programa presentado.)

RESPEITO DO TEXTO (Valorarase que a interpretación se axuste ó texto orixinal. Articulación, dinámica, tempo... así coma a lectura a 1ª vista.

ASPECTOS TÉCNICOS: (Afinación, Calidade sonora, Dixitación, Coordinación das dúas mans, Dominio dos golpes de arco, Axilidade, Control corporal e postural, Memorización.....)

A INTERPRETACIÓN E A MUSICALIDADE

Valoraránse os seguintes aspectos da interpretación: Carácter, Fraseo, e o Discurso musical.

NOTA: A TÉCNICA E A INTERPRETACIÓN, XUNTO COA ASISTENCIA E A PARTICIPACIÓN NA CLASE CONFORMARÁN A NOTA GLOBAL TRIMESTRAL, ASÍ COMA A GLOBAL DO CURSO.

NO CASO DE AVALIACIÓN NEGATIVA NA CONVOCATORIA ORDINARIA, O ALUMNADO DISPÓN DUNHA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA ONDE SE EXAMINARÁ DOS CONTIDOS NON SUPERADOS NA CONVOCATORIA ORDINARIA.

EN CASO DE DÚBIDA CONSÚLTESE CO PROFESORADO.

TERCEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

1. Manter en todo momento unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento. Desenvolver un hábito de autocontrol e autocrítica.
2. Traballar sobre o concepto de son correcto do violoncello.
3. Avanzar cara a unha correcta afinación do instrumento.
4. Adquirir control sobre as combinacións da man esquerda nas posicións primeira, segunda, terceira, cuarta e media.
5. Introducir ao estudo do vibrato.
6. Avanzar na interpretación con novos golpes de arco (Spicatto).
7. Interpretar escalas, arpejos e terceiras de dúas oitavas de extensión con seguridade, afinación e bo son.
8. Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflectan os aspectos traballados durante o curso.
9. Interpretar pequenas pezas en público individualmente ou con acompañamento.
10. Coñecer as correctas técnicas de estudo do instrumento.
11. Desenvolver e exteriorizar a capacidade expresiva do instrumento.

CONTIDOS

1. Disposición corporal, relaxación e respiración.

- Continuación do traballo sobre a disposición corporal á hora de tocar o violoncello.
- Hábito de autocontrol para unha correcta posición do corpo e colocación do instrumento.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a interpretación.

2. O instrumento. Produción do son.

- Perfeccionamento sobre a amplitude, flexibilidade e limpeza do son.
- Autocontrol e autocrítica na produción do son.
- Práctica diaria da afinación do violoncello.

3. Técnica da man dereita. Conduto e golpes de arco. Articulación e sonoridade.

- Utilización das diferentes zonas do arco segundo requira a interpretación.
- Perfeccionamento nos cambios de corda con fluidez e suavidade en tódalas partes do arco.
- Aprendizaxe de novos golpes de arco (Spicatto) e repaso de tódolos golpes de arco aprendidos.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.

4. Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.

- Posición dos dedos e da man esquerda sobre o violoncello ao longo de todo o diapasón.
- Traballo sobre o estudo de dixitacións en dobres cordas deixando unha delas ao aire.
- O oído interno e a súa aplicación á afinación do violoncello.
- Utilización correcta e comprensión da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Movemento correcto dos dedos e a man evitando desprazamentos innecesarios e utilizando as articulacións precisas.
- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda.
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado. Traballos técnicos sobre a aprendizaxe do vibrato.

5. Posicións fixas

- Traballo técnico sobre todas as posicións baixas (primeira, segunda, terceira e cuarta) e as diversas combinacións entre elas.
- Exercicios de cambios de posicións.

6. Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.

- Utilización correcta do arco nas diferentes dinámicas e fraseos.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumno.

7. Escalas, arpejos e intervalos dunha e dúas oitavas.

- Traballo sobre escalas e arpejos de dúas oitavas de extensión, con distintos golpes de arco, ata a cuarta posición (Sol M e Sol m).

8. Improvisación.

- Improvisación individual baseada en melodías ou xiros melódicos dados.
- Improvisación sen utilización da grafía musical convencional.
- Desenvolvemento da variación como base da improvisación.

9. Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Traballo sobre pequenas pezas de estilos e épocas diversas.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Traballo sobre a interpretación de repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.
- Memorización dunha parte do repertorio
- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos adecuados ao estilo de cada peza.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.
- Goce persoal por medio da interpretación.

10. Outros contidos.

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Utilización dun sistema organizado e disciplinado á hora de estudar.
- Interese polas manifestacións musicais do noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...
- Participación en audicións e concertos públicos ao longo do curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación será contínua. O profesorado reuniránse unha vez cada trimestre para escoitar a audición dos alumnos/as, para valorar os seus avances durante o curso e a súa avaliación con respecto ó programa existido. Así pódese valorar como vai o desenrolo do alumnado en xeral en todos os cursos aínda que a decisión da nota sexa valorada en maior cuantía polo titor.

O alumnado ten que facer con obrigatoriedade audicións públicas que deberán formar parte do desenrolo musical.

Ó final do curso o alumnado deberá presentar só a programación do terceiro trimestre en caso de levar ata dita data as avaliacións positivas e superadas. Os alumnos/as avaliados negativamente, ben sexa pola perda da avaliación contínua ou por motivos de asistencia, e que o profesorado considere necesario para unha avaliación máis completa, deberán presentar unha programación que constará dun mínimo dunha escala, dous estudos, e duas obras determinada polo profesorado.

REPERTORIO

- LIBRO RUSO: Paxinas dende 50 á 70
- SUZUKI: Suzuki Cello School. Vol. 2 e 3.
- LEE, S.: “Método práctico” op. 31. Ed.. Ibérica. Pax 13 á 35
- DOTZAUER, J.J.F.: “113 Estudos”. Vol. 1: Exer. 1 ao 9.
- BRÉVAL, J.B.: Concertino nº4 en Do M. Ed. Delrieu
- FEUILLAR, L. : Methode pour le jeune violoncelliste. E. Delrieu. Exercicios del 20 a 29.
- CIRRI, G.: “Drei sonaten für cello und basso continuo. Ed. Heinrichshofen.

CLASE COLECTIVA

- SEBASTIÁN LEE: “Le primer pas”. Op. 101.(Nº 6 al 25). Alphonse Leduc,
- NÖMAR, Z.: “Conjunto Instrumental” (dúos, tríos y cuartetos). Ed.. Real Musical

Contidos mínimos exisibles:

- Tres escalase arpejos en dúas oitavas con diferentes dicitacións e con cambios de posición.
- Cinco estudos.
- Catro obras de diferente dificultade.
- Un anaco a 1ª vista acorde ó nivel exisido.
- Unha audición pública como mínimo.
- Tres audicións técnicas co profesor e cos pertencentes ó mesmo departamento.

TEMPORALIZACIÓN:**1ª AVALIACIÓN:**

Desenvolvemento da técnica básica do arco.

Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé e staccato.

Aumento progresivo da velocidade da man esquerda.

Cambios de posición e iniciación ó vibrato. Lectura a 1ª vista. Escalas en dúas oitavas en 1ª posición Do M e Re M, Interpretación de algunhas pezas e estudos.

2ª AVALIACIÓN:

Escalas en unha oitava e dúas oitavas.

Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé, staccato coas súas combinacións. Lectura a 1ª vista. Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices.

3ª AVALIACIÓN:

Escalas de Do M e Re M en dúas oitavas.

Lectura a 1ª vista. Introducción o estudo do spiccato por medio de estudos preparatorios en cordas ó aire. Emprego de arcos abaixo lentos e arriba rápidos.

Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices.

Todo isto analizaráse, tendo en conta a asistencia, a participación e o esforzo así coma os contidos acadados nas clases individuais, valoraránse en cada trimestre:

A TÉCNICA PROPIA DO INSTRUMENTO

VALORACIÓN DO PROGRAMA PRESENTADO. (Valorarase a dificultade do programa presentado.)

RESPEITO DO TEXTO (Valorarase que a interpretación se axuste ó texto orixinal. Articulación , agóxica, dinámica, tempo... así coma a lectura a 1ª vista.

ASPECTOS TÉCNICOS: (Afinación, Calidade sonora, Dixitación, Coordinación das dúas mans, Dominio dos golpes de arco, Axilidade, Control corporal e postural, Memorización.....)


A INTERPRETACIÓN E MUSICALIDADE

Valorarase os seguintes aspectos da interpretación: Carácter, Fraseo , e o Discurso musical.

NOTA: A TÉCNICA E A INTERPRETACIÓN, XUNTO COA ASISTENCIA E A PARTICIPACIÓN NA CLASE CONFORMARÁN A NOTA GLOBAL TRIMESTRAL, ASÍ COMA A GLOBAL DO CURSO.

NO CASO DE AVALIACIÓN NEGATIVA NA CONVOCATORIA ORDINARIA, O ALUMNADO DISPÓN DUNHA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA ONDE SE EXAMINARÁ DOS CONTIDOS NON SUPERADOS NA CONVOCATORIA ORDINARIA.

EN CASO DE DÚBIDA CONSÚLTESE CO PROFESOR.



CUARTO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

1. Manter en todo momento unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
2. Desenvolver un hábito de autocontrol e autocrítica.
3. Aplicar o bo oído e a boa afinación á hora de interpretar unha peza.
4. Aprender as diversas combinacións da man esquerda nas posicións quinta, sexta e sétima.
5. Continuar no estudo do vibrato.
6. Dominar os golpes de arco aprendidos ata o momento.
7. Ler correctamente unha partitura.
8. Aplicar un bo control do ritmo durante a interpretación.
9. Interpretar unha escala e a seu arpexo, de dúas oitavas de extensión con seguridade, afinación, bo son e de memoria en tódalas tonalidades.
10. Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflectan os aspectos traballados durante o curso.
11. Memorizar unha parte do repertorio traballado e interpretalo en público individualmente ou con acompañamento.
12. Demostrar un coñecemento das correctas técnicas de estudo.
13. Desenvolver e exteriorizar a capacidade expresiva do instrumento.

CONTIDOS

1. Disposición corporal, relaxación e respiración.

- Aplicación dos medios técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha boa sonoridade.
- Hábito dunha correcta respiración e relaxación para a execución de frases musicais.

2. O instrumento. Produción do son.

- Perfeccionamento sobre a amplitude, flexibilidade e limpeza do son.
- Práctica diaria da afinación do violoncello.

3. Técnica da man dereita. Conduto e golpes de arco. Articulación e sonoridade.

- Utilización das diferentes zonas do arco segundo requira a interpretación.
- Control do paso do arco a través das cordas.
- Perfeccionamento nos cambios de corda con fluidez e suavidade en tódalas partes do arco.
- Movementos relaxados e fluídos da boneca e brazo dereito.
- Colocación relaxada da man dereita.
- Repaso e afianzamento de tódolos golpes de arco apresos.
- Relación entre peso, velocidade e variedade dinámica.

4. Técnica da man esquerda. Dixitación. Afinación.

- Posición correcta dos dedos e da man esquerda sobre o violoncello ao longo de todo o diapasón.
- Traballo sobre o estudo de dixitacións en dobres cordas en primeira posición.
- Utilización correcta da dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
- Iniciación aos estudos que conteñan trinos, apoiaturas, mordentes, ornamentos, grupetos, etc.
- Movemento correcto dos dedos evitando desprazamentos innecesarios e utilizando as articulacións precisas.
- Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda
- Hábito de autocontrol da afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.
- Amplitude e desenvolvemento do vibrato.

5. Posicións fixas

- As posicións dende a media ata a sétima e as súas diversas combinacións.
- Iniciación da posición do polgar e as súas posibilidades.
- Traballo sobre os harmónicos naturais do violoncello.
- Traballo sobre patróns concretos de cambios de dixitación con dificultades especiais.

6. Dinámica, tempo e outros aspectos interpretativos.

- Utilización correcta do arco nas diferentes dinámicas e fraseos.
- Potenciación da capacidade de interpretación.
- Desenvolvemento e exteriorización da capacidade expresiva e de concentración.
- Audición de gravacións que poidan suscitar o interese do alumno.

7. Escalas, arpejos e intervalos de tres oitavas.

- Escalas, arpejos e terceiras de dúas oitavas en tódalas tonalidades e con distintos golpes de arco.
- Estudo da escala cromática.

8. Improvisación.

- Improvisación individual baseada en melodías ou xiros melódicos dados.
- Improvisación sen utilización da grafía musical convencional.
- Desenvolvemento da variación como base da improvisación.

9. Repertorio de cancións, estudos e obras de diversos estilos para a interpretación individual e en grupo.

- Traballo sobre estudos que axuden a solucionar dificultades técnicas concretas.
- Traballo sobre pequenas obras de estilos e épocas diversas.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.
- Traballo sobre a interpretación de repertorio individual, con acompañamento ou en grupo.
- Memorización dunha parte do repertorio e desenvolvemento da capacidade memorística.
- Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos adecuados ao estilo de cada obra con especial fincapé no Barroco e Clasicismo.

10. Outros contidos.

- Valoración das correctas técnicas de estudo do violoncello.
- Utilización dun sistema organizado e disciplinado á hora de estudar.
- Interese polas manifestacións musicais do noso entorno: concertos, cursos, gravacións, etc...
- Goce persoal por medio da interpretación.
- Participación activa en audicións e concertos ao longo do curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación será contínua. O profesorado reunirá unha vez cada trimestre para escoitar a audición dos alumnos/as, para valorar os seus avances durante o curso e a súa avaliación con respecto ó programa existido. Así pódese valorar como vai o desenvolvemento do alumnado en xeral en todos os cursos aínda que a decisión da nota sexa valorada en maior cantía polo titor .

O alumnado ten que facer con obrigatoriedade audicións públicas que deberán formar parte do desenvolvemento musical.

Ó final do curso o alumnado deberá presentar só a programación do terceiro trimestre en caso de levar ata dita data as avaliacións positivas e superadas. Os alumnos/as avaliados negativamente, ben sexa pola perda da avaliación contínua ou por motivos de asistencia, e que o profesorado considere necesario para unha avaliación máis completa, deberán presentar unha programación que constará dun mínimo dunha escala, dous estudos, e dúas obras determinada polo profesorado.

REPERTORIO

TÉCNICOS

- THIEMANN, P: Sistema de escalas básicas para violoncello. Ed Boileau. (Pag. 22 á 36)
- FEUILLARD: Tägliche Übungen. (N° 1 ao 9, 35 y 36). Schott.

ESTUDOS

- RUSO: Pax.,70,71,72,73,74,75,76,77,78,79,80
- SEBASTIÁN LEE: “Método práctico”. Op. 31. (Páx. 36 á 64). Edición Ibérica. Boileau
- DOTZAUER, J. J.F: Vol. I N° 11,12,13,15,16,17,18,20,21,22,23,24,25,29 y 31. Ed. Peters.
- FEUILLARD, L. R.: Méthode pour le jeune violoncelliste. Editorial Delrieu. (Exer 30 ao 60)

OBRAS (escoller unha de cada apartado)**Apartado A**

- BREVAL, J. B.: Sonata en Do Mayor. Schott
- BONONCINI, J. B.: Sonata en La menor. Schott's Söhne. Mainz, 1967.
- MARCELLO, B.: Sonata en Mi menor. "6 Sonates" . Peters. Leipzig, 1958.
- MARCELLO, B.: Sonata en La menor. "6 Sonates". Peters. Leipzig, 1958.
- VIVALDI, A.: Sonata en La m. "6 Sonates". Schott. Maguncia 1958.

-FESCH, W: Sonata en re

Apartado B

- BREVAL, J. B.: Concertino nº 1 en Fa M. Delrieu. Niça, 1932
- BRÉVAL, J. B.: Concertino Nº 3 en La. Delrieu. Niça, 1935.
- RIEDING, O.: Concierto en Si m op. 35. Bosworth & Com.

Apartado C

- FALLA, M.: Melodía y Romanza.
- SCHUMANN, R.: Traumerei.
- SQUIRE, W. H.: Bourrée Opus 2. Sheet Music Edition B 2518. New York 1940
- POPPER, D.: "Memoire", "Berceuse", "Lied", "Begegung".

CLASE COLECTIVA

- ROMBERG, B.: Sonatas para dos violoncellos Op. 43.
- BELA BARTÓK: "18 dúos fáciles para 2 cellos". Universal Edition.
- DOTZAUER, J. F.: Tres sonatas para dos violonchelos Opus 103.

Contidos mínimos exisibles:

- Tres escalas e arpexios en dúas oitavas con diferentes dixitacións e con cambios de posición.
- Cinco estudos.
- Catro obras de diferente dificultade.
- Un anaco a 1ª vista acorde ó nivel exisido.
- Unha audición pública como mínimo.
- Tres audicións técnicas co profesorado pertencente ao departamento.

TEMPORALIZACIÓN:**1ª AVALIACIÓN:**

Aprendizaxe dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas.

Técnicas de estudio e memorización.

Lectura a primeira vista.

Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpejos, con diferentes golpes de arco.

Amosar unha técnica da man dereita axeitada ao nivel.

Interpretación de pezas e estudos (1 escala con cambios, 3 estudos).

2ª AVALIACIÓN:

Perfeccionamento e asimilación dos contidos dos cursos anteriores.

Estudio sistemático das tres primeiras posición e introducción na 4ª. Cambios de posición.

Lectura a primeira vista.

Estudo e desenvolvemento do vibrato.

Amosar unha técnica da man dereita axeitada ao nivel.

Interpretación de pezas e estudos.

3ª AVALIACIÓN:

Estructuras formais das obras interpretadas polo alumno.

Comezo da escala e arpejo de Sol M en 3 oitavas e Fa M en dúas oitavas.

Perfeccionamento dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas.

Perfeccionamento dos cambios de posición e desenvolvemento do vibrato.

Amosar unha técnica da man dereita axeitada ao nivel.

Lectura a primeira vista.

Interpretación de pezas e estudos.

Todo isto analizaráse tendo en conta a asistencia, a participación e o esforzo así coma os contidos acadados nas clases individuais, así valoraránse en cada trimestre:

A TÉCNICA PROPIA DO INSTRUMENTO

VALORACIÓN DO PROGRAMA PRESENTADO. (Valorarase a dificultade do programa presentado.)

RESPETO DO TEXTO (Valorarase que a interpretación se axuste ó texto orixinal. Articulación , agónica, dinámica, tempo... así coma a lectura a 1ª vista.

ASPECTOS TÉCNICOS: (Afinación, Calidade sonora, Dixitación, Coordinación das dúas mans, Dominio dos golpes de arco, Axilidade, Control corporal e postural, Memorización, Vibrato.....)

A INTERPRETACIÓN E MUSICALIDADE

Valoraránse os seguintes aspectos da interpretación: Carácter, Fraseo , e o Discurso musical.

NOTA: A TÉCNICA E A INTERPRETACIÓN, XUNTO COA ASISTENCIA E A PARTICIPACIÓN NA CLASE CONFORMARÁN A NOTA GLOBAL TRIMESTRAL, ASÍ COMA A GLOBAL DO CURSO.

NO CASO DE AVALIACIÓN NEGATIVA NA CONVOCATORIA ORDINARIA, O ALUMNADO DISPÓN DUNHA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA ONDE SE EXAMINARÁ DOS CONTIDOS NON SUPERADOS NA CONVOCATORIA ORDINARIA.

EN CASO DE DÚBIDA CONSÚLTESE CO PROFESOR.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA EN TODOLOS CURSOS DO GRAO ELEMENTAL AGÁS 4º DE ELEMENTAL:

Demostrar que se teñen adquiridos os obxectivos ou capacidades de tódalas materias do curso matriculado. Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar dito curso e ao que aspira así como amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor/a reunirse co profesorado de tódalas materias do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.


O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación de matrícula no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das asignaturas, así como as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos de dito proceso. Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo xefe de departamento á Dirección do Centro o cal a elaborará ao Consello Escolar para a súa aprobación.

A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.

NOTA: En tódolos cursos se realizará como mínimo unha proba de lectura a 1ª vista de carácter obrigatorio conforme ó nivel do curso en cuestión.

